

## **LINO RODRÍGUEZ APOSTA POR CONTINUAR MELLORANDO A CALIDADE DE VIDA DE TODOS POLENSES, TANTO DO RURAL COMO DO CENTRO URBANO**

**O candidato socialista propón seguir mellorando os accesos a todas as granxas e explotacións agrícolas, así como ás vivendas do rural; dotar de subministro de auga ás parroquias, acondicionar as vías e as pistas agrícolas e aprobar o PXOM**

**Rodríguez recalca o compromiso da Deputación en Pol nos últimos dous mandatos de goberno socialista, nos que se investiron uns 4,8 millóns de euros na dotación de servizos e infraestruturas para garantir o benestar dos veciños**

**Pol, 22 de maio de 2015.** O Alcalde en funcións e candidato socialista á alcaldía de Pol, Lino Rodríguez, anunciou este venres que continuará mellorando a calidade de vida de todos os polenses, tanto da zona rural como do centro urbano, se acada a confianza deles o domingo nas urnas. Neste senso, Rodríguez aposta por seguir mellorando os accesos a todas as granxas e explotacións agrícolas do municipio; así como acondicionar os accesos ás vivendas do rural, as vías de tránsito dos vehículos e as pistas de uso agrícola e forestal. Dotar dun subministro de auga ás parroquias que aínda non conten co mesmo é outro dos compromisos dos socialistas de Pol. “Seguiremos traballando por e para os polenses”, sentenciaba o candidato.

Así mesmo, Rodríguez comprometeuse publicamente a aprobar un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, “o que permitirá o crecemento urbanístico e residencial dunha forma ordenada, e no que se dará resposta a todas as alegacións dos veciños ao mesmo”, tal e como asegurou o alcaldable.

### **Os nosos maiores, protagonistas**

“O concello de Pol, que cada vez conta cunha maior taxa de veciños maiores de 65 anos, necesita de novos e variados servizos para este segmento poboacional. Por iso, os socialistas de Pol decidimos apostar pola creación dunha residencia da terceira idade no municipio con centro de día. Unha infraestrutura financiada pola Deputación que estará operativa a finais do 2015”, avanzou o alcaldable.

“Do mesmo xeito, e a pesar dos recortes do goberno popular da Xunta, quen se negou a colaborar na residencia, seguiremos prestando o servizo de axuda no fogar, despois de que Feijóo decidira, dun día para outro, non pagar máis este servizo”, subliñou o candidato.

“Os nosos maiores son e serán os protagonistas de Pol”, lembrou Rodríguez, ao tempo que destacou o desenvolvemento de actividades de lecer ou os cursos para o coidado da saúde dirixidos aos maiores que organiza o Concello.

### **Compromisos feitos realidade**

Rodríguez tamén quixo lembrar os compromisos da Deputación de Lugo en Pol nos últimos dous mandatos de goberno socialista, nos que se investiron uns 4,8 millóns de euros na dotación de servizos e infraestruturas para garantir o benestar dos veciños e veciñas.



O candidato quixo resaltar algún dos proxectos de gran envergadura levados a cabo pola Deputación nesta zona, “que na maioría dos casos foron grandes demandas dos veciños do municipio que agora xa son realidade”. Entre as obras, destaca a creación dun tanatorio municipal, “que hoxe é un referente en funcionamento en todo o concello”, a recuperación da área recreativa do Muíño do Pacio, “o mellor escaparate de cómo se pode recuperar un espazo degradado e convertelo nun referente medioambiental e de gran valor natural e etnográfico”; a mellora das comunicacións por telefonía móbil e wifi e a construción das piscinas municipais.

Rodríguez fixo fincapé tamén na colaboración do organismo provincial para acondicionar e mellorar a accesibilidade funcional da casa consistorial, cuxo ascensor xa está posto en marcha a día de hoxe; así como para a recuperación de mobles.

A mellora da rede principal de auga de Gomesende, Chaín, Cañota, Gatín e Ferreiros, así como a adquisición de maquinaria para uso público son outras das actuacións que custeou a Deputación.

